

## ÍNDICE DE CONTIDOS

---

1. [X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#)
2. [Publicación do Nº54 do Informest](#)
3. [Ferramentas web para visualización e predición na crise do coronavirus desenvolvidas](#)
  - a. [na UDC](#)
  - b. [e na USC.](#)
4. [Acción Matemática contra o coronavirus desde o CEMat: Predición cooperativa](#)
5. [Curso non presencial de DATA MINING CON R: Universidade de Vigo](#)
6. [Curso de estatística en liña mediante vídeos e reunións en vivo: Introducción aos modelos de efectos lineais mixtos e GLMM con R-INLA](#)
7. [FedCSIS 2020 - Concurso de minería de datos - premio máximo de 1500 \\$](#)
8. [International Conference and Demographics 2020 Workshop \(SMTDA2020\)](#)
9. [Oferta PostDoc de 2.5 anos en Inventario Forestal e Estatística de Mostraxe](#)

## 1.- X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

A Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) ten aberta a convocatoria do [X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#), organizado para estudantes de ESO, Bacharelato, FP básica e Ciclos Formativos de Grao Medio no curso 2019-2020. Con esta iniciativa académica preténdese que o estudantado se inicie no campo da Estatística e as súas aplicacións, tan útiles na Sociedade da Información na que vivimos.

Desde a SGAPEIO queremos salientar que, debido aos condicionantes da actual crise provocada polo COVID-19, se veñen de modificar os prazos de inscrición, entrega de traballos e resolución do concurso segundo se indica no enlace [https://www.sgapeio.es/descargas/formacion/Nota\\_Bases\\_X\\_Incubadora.pdf](https://www.sgapeio.es/descargas/formacion/Nota_Bases_X_Incubadora.pdf).

### **Datos importantes:**

- Inscrición de traballos: dende o ~~01 de abril~~ ata o ~~15 de abril~~ 01 de maio ata o 31 de maio de 2020.
- Entrega dos traballos finalizados: dende o ~~16 de abril~~ ata o ~~30 de abril~~ 01 de maio ata o 31 de maio de 2020.
- ~~Do 26 ao 29 de maio de 2020 daranse a coñecer os traballos finalistas e a data de acto de entrega de premios.~~ As datas nas que se coñecerán os traballos finalistas e a data de resolución do concurso fixaranse se é posible en maio.

Máis información en: <https://sgapeio.es/index.php/formacion-e-actividades/premios-sgapeio/3298-x-concurso-incubadora-de-sondaxes-e-experimentos>

## 2.- Publicación do Nº54 do Informest

A SGAPEIO informa a todos os seus socios que xa está dispoñible para todos os socios o Nº 54 do INFORMEST, incluíndo os seguintes contidos:

- Editorial de María Gómez Rúa.
- A revisión dos agregados macroeconómicos: dilema entre puntualidade e exhaustividade, por Raúl Jácome Rodríguez.
- Edición do libro que recolle os traballos premiados da IX Incubadora de Sondaxes e Experimentos.
- Actividades da SGAPEIO.
- Novas do IGE.
- Traballos de Estatística e Investigación Operativa no SUG.
- Coñecendo a un socio da SGAPEIO: Ricardo Cao Abad.
- Sabías que?: Unha calculadora galega, por Rafael Sanmartín Fraga.

Enlace: <https://www.sgapeio.es/INFORMEST/Informest54.pdf>

### 3.- Ferramentas web para visualización e predición na crise do coronavirus desenvolvidas na UDC e na USC

---

Seguidamente se mostran unha serie de aplicacións web para describir, resumir, visualizar e predecir as variables críticas que caracterizan á situación provocada pola actual crise do coronavirus.

- O grupo MODESTYA da Universidade de Santiago de Compostela ven de desenvolver unha aplicación web interactiva que prognostica o avance do virus baseándose nos datos da súa evolución durante a quincena previa, facendo predicións do número de casos confirmados de infección ou número de mortes debidas ao COVID-19 para un horizonte temporal de tres días conforme a tres posibles modelos, lineal (FLM), aditivo (FSAM) e non paramétrico (FNP), e para diferentes países ou rexións.

Enlace: <http://modesty.securized.net/covid19prediction/>.

- No marco do CITIC da Universidade da Coruña se creou unha completa aplicación web para a caracterización y visualización das variables que definen a crise do coronavirus no conxunto de España e en cada unha das súas CCAA. Os desenvolvedores son Carlos Fernández Lozano e Rubén Fernández Casal, do grupo MODES. As variables estudadas son número de casos, número de recuperados, número de falecementos, número de ingresos en UCI e incidencia acumulada, aportando gráficos interactivos para observar a tendencia acumulada, a dos novos casos e a correspondente á aplicación de logaritmos. A información se resume mediante gráficos de mapas e series de tempo totalmente configurables no rango temporal, por comunidade autónoma e por idade. Esta aplicación proporciona soporte ao plan de Predicción Cooperativa da Acción Matemática contra o coronavirus lanzada desde o CEMat.

Enlace: <https://covid19.citic.udc.es/>

### 4.- Acción Matemática contra o coronavirus desde o CEMat: Predición cooperativa

---

Co obxectivo de construír un meta-predicador para facilitar ás autoridades información do comportamento a curto prazo de variables de gran interese na expansión do virus COVID-19, faise un chamamento a todos aqueles investigadores-profesionais no ámbito da comunidade Matemática/Estatística/Ciencia de Datos que desenvolvesen modelos predictivos para o devandito fin. Para iso utilizaranse as predicións achegadas polos investigadores participantes para construír un meta-predicador ou “predicador cooperativo”, baseado en combinacións optimizadas de predicións dos diferentes modelos/algoritmos.

Para este fin faise un chamamento a todos os investigadores interesados en participar neste labor de intelixencia colectiva e loita contra a pandemia a que proporcionen un arquivo coas súas predicións conforme ás pautas que se indican no documento [http://matematicas.uclm.es/cemat/covid19/wp-content/uploads/sites/2/2020/04/Prediccion\\_cooperativa.pdf](http://matematicas.uclm.es/cemat/covid19/wp-content/uploads/sites/2/2020/04/Prediccion_cooperativa.pdf).

Solicítase a toda a comunidade que envíen as súas aportacións, xa sexan modelos simples, tradicionais, como aqueles froito do propio traballo dos investigadores.

Máis información en <http://matematicas.uclm.es/cemat/covid19/>

### **5.- Curso non presencial de DATA MINING CON R: Universidade de Vigo**

---

Está aberta ata o 25 de ABRIL a inscrición no Curso de Formación da Universidade de Vigo Data Mining con " R", de carácter totalmente non presencial, que se impartirá desde a plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo ( Faitic) do 1 ao 31 de maio de 2020. Dirixido fundamentalmente a investigadores, doctorandos, e técnicos de análises de datos en calquera ámbito de actividade. O contido do curso consiste nos métodos de Minería de Datos máis empregados e útiles ( CHAID, K- MEANS, SVM, PAGERANK, ADABOOST, KNN, NAIVE BAYES, CART, RANDOMFOREST...). É un curso eminentemente práctico e aplicado, e realizarase de forma virtual mediante secuenciación das unidades didácticas a través da plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo, Faitic. O alumno pode elixir o día e hora de acceso aos materiais docentes, debendo unicamente cumprir cos prazos máximos de envío de informes de prácticas e cuestionarios de avaliación. O criterio de admisión é a orde cronolóxica de solicitude, e o custo da matrícula 125 euros (estudantes e parados 90 euros).

Máis información (inscrición, contidos, profesorado, etc) na web da Universidade de Vigo: <https://bubela.uvigo.es/curso/4558>

### **6.- Curso de estatística en liña mediante vídeos e reunións en vivo: Introducción aos modelos de efectos lineais mixtos e GLMM con R-INLA**

---

A tarifa do curso inclúe un vídeo chats de 1 hora cun ou ambos os instrutores. Levarase a cabo no intervalo comprendido entre o 22 de xuño e o 10 de xullo de 2020. As clases se impartirán mediante a aplicación Zoom atendendo a distintas zonas horarias.

Flyer: [http://highstat.com/Courses/Flyers/2020/Flyer2020\\_06\\_GLMMINLA\\_Online.pdf](http://highstat.com/Courses/Flyers/2020/Flyer2020_06_GLMMINLA_Online.pdf)

Sitio web: <http://highstat.com/index.php/courses-upcoming>

### **7.- FedCSIS 2020 - Concurso de minería de datos - premio máximo de 1500 dólares**

---

O FedCSIS 2020 Data Mining Challenge: Network Device Workload Prediction é a sétima competencia de minería de datos organizada en asociación co Conference on Computer Science and Information Systems (<https://fedcsis.org/>). Desta volta, a tarefa considerada está relacionada co monitorizado de grandes infraestruturas de IT e a estimación da súa asignación de recursos. O desafío está patrocinado por EMCA Software e a Sociedade Polaca de Procesamento da Información (PTI).

Máis información en <https://knowledgepit.ml/fedcsis20-challenge/>.

## **8.- International Conference and Demographics 2020 Workshop (SMTDA2020)**

Infórmase que o congreso SMTDA2020 International Conference and Demographics 2020 Workshop, que tiña por lugar de celebración Barcelona, finalmente levarase a cabo on-line no formato web-conference, mantendo fixas as mesmas datas e o mesmo programa, pero en formato de evento virtual.

As datas límite para rexistro con prezos reducidos e para envío de resumos e artigos fixarase para o 25 de abril de 2020:

<http://www.smta.net/registrfeesexcursions.html>

<http://www.smta.net/abstractsubmission.html>

Máis información en [www.smta.net](http://www.smta.net).

## **9.- Oferta PostDoc de 2.5 anos en Inventario Forestal e Estatística de Mostraxe**

O Equipo de Modelización e Inventario Forestal da Unidade de Xestión Forestal e Ambiental Sostible (UXAFORES, <https://www.uxafores.com/>) da Universidade de Santiago de Compostela (Lugo, España) está a procurar candidatos independentes, creativos e con fortes habilidades de colaboración cun doutoramento en inventario forestal ou estatística de mostraxe, con experiencia en inventario forestal e/ou deseño e implementación de mostraxes a gran escala, teledetección e programación. Idealmente, o candidato debería ter Grao (Diplomatura ou Enxeñería Técnica) ou Máster (Licenciatura ou Enxeñería Superior) en Ciencias Forestais, Matemáticas, Estatística, Xeografía ou disciplinas relacionadas.

Buscamos candidatos PostDoc creativos e altamente motivados para unirse ao Equipo de Modelización e Inventario Forestal da Unidade de Xestión Forestal e Ambiental Sostible (UXAFORES, <https://www.uxafores.com/>) da Universidade de Santiago de Compostela (Lugo, España). Dátaa tentativa de incorporación é agosto de 2020, aínda que hai certa flexibilidade.

Establécese un contrato de proba de 6 meses, prorrogable ata 2.5 anos.

Os candidatos interesados deberán enviar os seguintes documentos á dirección de correo [cesar.cruzado@usc.es](mailto:cesar.cruzado@usc.es):

- Carta de presentación;
- Currículo;
- Lista de publicacións;
- Datos de contacto de polo menos dous mentores.

Data límite para as solicitudes: 30 de abril de 2020.

A solicitude completarase mediante o portal de oferta de emprego da USC, para o que serán necesarios trámites e documentación adicionais ao descrito anteriormente.